

## **PREGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER A CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DA PISTA MUNICIPAL DE KARTING “O ACEBREIRO”**

### **1. -Obxecto.-**

Este prego ten como obxecto describir as instalacións obxecto de explotación e definir as condicións técnicas ás que ten que axustarse a xestión da pista de karting obxecto deste contrato.

### **I.-ESTADO DAS INSTALACIÓNS DA PISTA DE KARTING AO INICIO DO CONTRATO.**

### **2. -Instalacións a disposición do adxudicatario.-**

2.1. O terreo onde está situada a pista de karting é de propiedade do Concello da Pastoriza e ten unha extensión superficial de 54.670 m<sup>2</sup> e linda: Norte, con área recreativa, pertencente ao monte veciñal en man común O Acebreiro propiedade da Comunidade de Veciños de Pastoriza; Sur, Polígono Industrial; Este, estrada LU-122 Paraxes-.Bretoña e Oeste; vial de acceso ao Polígono. O terreo está pechado sobre si cun peche de muro de formigón dun metro de alto e dun ancho de vinte centímetros, sobre este ten colocada unha tea metálica dun metro de alta nunha lonxitude de 114 ml. e cun peche de tea metálica de dous metros de alto en lonxitude de 1.074 ml.; para o acceso de vehículos ten dúas portas de dimensións 4,05 x 1,60 m. e 5,10 x 1,20 m. e para o acceso ao público outras tres portas de dimensións 1 x 1,50 m., construídas as cinco con tubo galvanizado e tea metálica.

Dentro do terreo existen as seguintes instalacións e construcións:

- **Pista de competición.** Dunha lonxitude medida sobre eixe de 1.162 ml. e unha anchura media do 9,70 m. resultando unha superficie pavimentada de 11.271 m<sup>2</sup>. realizada o seu firme con 15 cm. de zahorra sobre a que ten outra capa de 8 cm. de macadam sobre a cal leva a capa de rodadura de 6 cm. de espesor de mestura bituminosa tipo S-12; como auxiliar da pista existen os pianos ou defensas construídos de formigón armado e ocupan unha superficie aproximada de 650 m<sup>2</sup>.

- **Zona de carril de aceleración e desaceleración.** De forma irregular e cunha superficie pavimentada de 1.814 m<sup>2</sup>. realizada tamén con aglomerado asfáltico do mesmo tipo que a pista de competición.

- **Zona de boxes.** De forma regular de 60 x 50 m. resultando unha superficie pavimentada de 3000 m<sup>2</sup>, realizado o firme con 15 cm. de zahorra sobre a cal a feito a capa de rodadura de 6 cm. de mestura bituminosa tipo D-12; outra zona irregular cunha superficie de 3.485 m<sup>2</sup> e realizada con zahorra compactada.

- **Zona axardinada.** Principalmente circundante á pista de competición e ao peche exterior do terreo, cunha superficie total 29.626 m<sup>2</sup>.; esta zona axardinada dispón nas proximidades da pista dun sistema de rego automático en perfecto estado de funcionamento coas súas correspondentes arquetas, claves de paso e aspersores enterrados de presión.

- **Zona de aparcamento.** De forma regular e dunha superficie pavimentada de 4.800 m<sup>2</sup>. e realizada de aglomerado asfáltico do mesmo tipo que a pista de competición.

- **Instalación de saneamento.** Dispón de seis casetas de madeira de 2,15 x 1,85 metros, resultando unha superficie construída total de 24 m<sup>2</sup>, no interior alberga un servizo completo para o público e pilotos. Estas augas fecais son conducidas a dúas foxas sépticas circulares y de estas ao colector xeneral de augas residuais do EDAR de Pastoriza.

- **Instalación eléctrica.** Dispón de acometida de enerxía eléctrica con cadro xeral e liñas subterráneas situadas na zona de boxes.

## 2.2. Estado das instalacións

As instalacións obxecto do contrato comezaron a construírse no ano 2001, e teñen unha antigüidade de uso duns sete anos, e actualmente a pista de competición e dos carrís de aceleración e desaceleración están en perfecto estado de conservación, pero obsérvanse en zonas concretas das mesmas o desgaste parcial da capa de rodadura, sendo por tanto previsible que o finalizar a duración máxima deste novo contrato (5 anos), sexa necesario fresar e aplicar unha nova capa de rodadura nesas zonas concretas, capa que será a base de mezcla bituminosa tipo S-12.

A zona axardinada presenta deficiencias concretas en aspersores na zona que linda coa pista e no mantemento xeral do céspede onde se aprecian zonas con rodaduras probablemente motivadas por saídas de pista dos vehículos así como falta de terra vexetal.

O resto das instalacións atopase en perfecto estado tendo en consideración o deterioro normal polo uso das mesmas e a súa antigüidade, xa que os movementos de terra e construción da pista datan do ano 2001 e a construción do aparcamento e zona axardinada do ano 2004.

Feitas as consideracións anteriores, e a pesar das deficiencias observadas, (que en todo caso deberán ser emendadas polo anterior adxudicatario) as instalacións son adecuadas e útiles para as finalidades para as que foron construídas estando obrigo o concello a poñelas a disposición do adxudicatario de forma inmediata trala formalización do contrato.

2.3. As instalacións que se entregan para a súa xestión ao final do contrato deberán revertir ao Concello da Pastoriza en perfecto estado de funcionamento.

## **II.-CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A XESTIÓN DA PISTA MUNICIPAL DE KARTING.-**

### **3. -Condicións particulares da explotación das instalacións da pista de karting.-**

A explotación da pista de karting incluíra as actuacións indicadas e coas condicións seguintes:

#### **3.1. Explotación das instalacións.**

O adxudicatario deberá realizar as actividades deportivas de formación viaria propostas na súa oferta que deberá respectar as esixidas nos pregos, ditas actividades desenvolveranse de acordo co disposto nestes pregos de prescricións técnicas e nos pregos de cláusulas administrativas, e debendo cumprir en todo momento con toda a regulamentación vixente que lle sexa de aplicación.

O adxudicatario será responsable directo de todas as instalacións no seu conxunto e virá obrigado a dispoñer de todos os medios, tanto materiais como humanos, aos que se comprometeu, e que se sexan precisos para o correcto funcionamento das instalacións.

O contratista deberá iniciar a explotación das instalacións dentro dos vinte (20) días hábiles seguintes á sinatura do contrato

#### **3.2. Mantemento e conservación das instalacións.**

A empresa adxudicatario asume a obriga do mantemento das instalacións, referido ao conxunto de tarefas a realizar para conservar a pista, os seus anexos (zona axardinada, boxes e aparcamento) e o resto das instalacións en condicións óptimas de uso, confort, hixiene e seguridade, tal e como son entregadas e durante todo o período de vixencia do contrato.

O adxudicatario someterase ao criterio de mantemento que para cada caso concreto decida o Concello de Pastoriza, para o cal se designará unha persoa de contacto, polo que, calquera medida de mellora, conservación o mantemento que o adxudicatario estime realizar para o bo funcionamento das instalacións, deberá ser comunicada e autorizada polo Concello.

Será por conta do adxudicatario a instalación dos complementos que se precisen, no seu deseño e elección deberá aterse ás recomendacións que faga o Concello a través do técnico que se designe ao efecto.

As melloras, ampliacións e obras realizadas nas instalacións, non separables das mesmas, pasarán a propiedade municipal ao finalizar o contrato, sen dereito algún do adxudicatario a recibir indemnización ou compensación.

O Concello reservase o dereito de realizar obras novas que considere precisas nas instalacións obxecto de adxudicación, sen que entorpeza á xestión das pista.

#### **3.3. Limpeza das instalacións e zona axardinada**

a) Corresponderá ao adxudicatario realizar os traballos de limpeza da pista e zonas anexas.

b) Os residuos de toda clase deberán depositarse en bolsas ou contenedores no lugar designado para a súa posterior recollida polo servizo de limpeza do Concello.

c) No caso dos aceites, graxas e pneumáticos deberán ser entregados polo adxudicatario aos correspondentes xestores autorizados. Estes residuos depositaranse, ata a súa recollida, en lugares que garantan a súa inmovilidade e eviten contaminacións.

- Para a retirada de aceites e residuos instalarase un separador de graxas. Os aceites procedentes dos cambios efectuados a vehículos almacenaranse en bidóns ata a súa retirada polo xestor autorizado. En canto a posible graxa ou aceite que poida proceder do lavado de automóbiles, quedará depositada no separador de graxas que se instale ao efecto, evitando a súa vertedura á rede de sumidoiros municipais. O resto das augas fecais verquerán na citada rede.
- As rodas usadas serán retiradas periodicamente por empresas de recauchutados, que se encargan da súa xestión. Estas empresas especializadas cumprirán todas as condicións ambientais esixidas.

#### 3.4. Información

a) O adxudicatario facilitará ao Concello información sobre as actividades a realizar, horarios, e demais información necesaria para coñecer en todo momento as actividades desvoltas na pista de Karting, con es finalidade, deberá comunicar ao Concello por escrito e con antelación suficiente calquera actividade que se desenvolva na pista.

O adxudicatario queda obrigado a presentar anualmente:

-Unha **memoria** da xestión do ano anterior cos datos de explotación das instalacións: as actividades realizadas, a súa duración, calendario, persoal da empresa que participou nas actividades, destinatarios e usuarios inscritos nas diferentes actividades e servizos, así como as actuacións de limpeza e mantemento, obras, complementos ou remodelacións das instalacións executadas o ano anterior. Dita memoria deberá presentarse como máximo no mes de marzo.

-Unha **proposta dun programa de actividades e servizos** para o seguinte ano, a cal deberá presentarse no mes de decembro.

b) O adxudicatario deberá garantir que os posibles usuarios dispoñan de toda a información pertinente sobre o funcionamento das instalacións e actividades a desenvolver debendo indicarse en lugar visible nas propias instalacións información sobre: tarifas, horarios ou calendarios de actividades deportivas ou cursos de formación, requisitos para a participación nas actividades ou cursos de formación e o telefono ou outros medios para contactar coa empresa.

#### 3.5. Vixilancia e control durante o uso e celebración de actividades na pista.

Durante a apertura das instalacións e uso por parte do público, o adxudicatario será responsable de vixiar e controlar as instalacións deportivas así como o correcto uso das mesmas.

O adxudicatario durante a execución do contrato será a única responsable dos danos a persoas e cousas que se deriven do uso e explotación da pista, así como das actuacións indebidas, negligente ou omisións imputables á mesma, ou do incumprimento do estipulado nos pregos e no contrato.

Ao efecto de cubrir as posibles responsabilidades derivadas do contrato, o adxudicatario deberá formalizar as pólizas de seguros previstas no prego de cláusulas administrativas, das cales deberá achegar copia, xunto co xustificante de pagamento da correspondente prima, antes da sinatura do contrato

Durante a vixencia do contrato deberá presentar ao Concello copia de xustificante de pagamento dos correspondentes recibos das pólizas de seguro que se esixen ao contratista, co fin de comprobar que as actividades da pista contan en todo momento co correspondente seguro en vigor.

### 3.6. Xestión de persoal

O adxudicatario deberá destinar o persoal suficiente e cualificado que requira a execución do contrato.

Todo o persoal que o concesionario contrate para a prestación dos servizos obxecto deste contrato, terá dependencia laboral deste, sen que por ningunha causa, poida pasar o devandito persoal a dependencia do concello, non intervindo este, baixo ningunha forma, nas relacións laborais que poidan existir entre o concesionario e o seu persoal.

O contratista estará obrigado a afiliarse á Seguridade Social a todas as persoas aos seus ordenes, na forma prevista polas leis e demais disposicións en vigor, así como, cumprir as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo.

### 3.7. Xestión económica

O adxudicatario realizará a xestión económica das instalacións, entendéndose por xestión económica :

- o abono ao Concello do canon anual ofertado.
- o cobro aos usuarios das correspondentes tarifas
- pagos dos gastos de subministración de auga potable, gas, electricidade, gasóleo, rede de sumidoiros, recollida de lixos, seguros ou calquera outro necesario para o funcionamento das instalacións, que serán por conta do adxudicatario. Igualmente faranse cargo das altas ou contratos de subministros que precise a instalación.
- sufragar os gastos derivados de mantemento, limpeza e conservación das instalacións obxecto do contrato.
- sufragar os gastos derivados dos anuncios e publicidade que o órgano de contratación debe realizar en diarios e en Boletíns Oficiais.
- os gastos derivados de taxas e outros tributos estatais, autonómicos e municipais que deriven do contrato e que procedan de acordo coa lexislación vixente, xa que todas as autorizacións administrativas necesarias para a apertura e funcionamento das instalacións serán por conta do adxudicatario.

### 3.8. Comunicación, publicidade e imaxe

a) En calquera difusión de actividades e servizos das instalacións que realice a empresa adxudicataria deberá facerse constar a titularidade pública das instalacións, así como utilizar o logotipo do Concello

Non poderá utilizar o nome das instalacións con motivos publicitarios, o calquera outro de interese exclusivo da empresa, sen comunicalo o titular da pista.

A publicidade que se realice nas instalacións, como colocación de paneis, carteis ou calquera outro elemento publicitario, xa sexa móbil ou fixo, requirirá a autorización expresa do Concello.

En calquera elemento de rotulación e sinalización, así como na denominación das instalacións, deberá constar sempre o seu carácter municipal e antes da súa instalación deberá contar coa aprobación municipal.

b) O Concello poderá incluír, dentro das comunicación e accións de difusión xeral que se realice sobre a ofertas de ocio, turismo e deporte do termo municipal, información sobre as actividades e cursos que o adxudicatario realice na pista de karting e solicitar a colaboración da empresas nas actividades e campañas de promoción deportiva organizadas por el.

#### **4. -Dirección e inspección.-**

O Concello a través do persoal de que dispón exercerá as función xenérica de vixilancia e dirección da explotación das instalacións obxecto do contrato, sen prexuízo de que a dirección inmediata da mesma corresponda ao adxudicatario, co fin de controlar e garantir o correcto funcionamento das instalacións e o cumprimento das presentes condicións técnicas.

#### **5. -Confidencialidade e protección de datos.-**

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a explotación das instalacións, e que teña tal consideración.

En calquera caso, estará suxeito ao cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, máis concretamente, a cumprir o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro. De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ao seu servizo.

Neste sentido no poderá aplicar ou utilizar os datos de carácter persoal que obteña por razón do contrato cuns fins distintos aos que figuran no mesmo, nin cedelos a terceiros baixo ningún concepto, nin sequer para a usa conservación

#### **6.-Incumprimento.-**

O incumprimento do presente prego e das condicións técnicas contidas nel, constituirán unha infracción moi grave, podendo dar lugar a resolución do contrato.

A Pastoriza, 18 de marzo de 2010

P.D

(Resolución alcaldía de 26 de xuño de 2007)

A Tenente alcalde, delegada da área de deportes

Asdo.: Elva Carrera González